

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 271/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 20 de novembro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de novembro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Muros de acceso ao texto oficial da ordenanza municipal do Concello, referida ao prezo público pola utilización privativa ou aproveitamento especial de espazos reservados nas vías públicas para aparcamento ou para entrada de automóbiles en inmobles, ou de non existir, certificación acreditativa de tal extremo.

O reclamante indica que non obtivo contestación á súa solicitude e que se conculcan os seus dereitos de acceso á información e os seus dereitos como concelleiro.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 27 de novembro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Muros para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 18 de decembro de 2023 o Concello de Muros contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que consta unha solicitude de data 11 de setembro que foi contestada do día 12 do mesmo mes pola persoa encargada de Tesoureira municipal, a cal firmou a acta de cese no concello de Muros o día 6 de outubro.

Revisado o expediente, non consta no concello de Muros ningunha solicitude presentada polo reclamante sobre o asunto o día 13 de outubro de 2023, pero si consta un escrito do día 13 de setembro solicitando dita ordenanza, que ao parecer non foi contestado pola persoa encargada de tramitar este expediente, polo que xunta copia da mesma.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Muros non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante, solicitou acceso ao texto oficial da ordenanza municipal do Concello, referida ao prezo público pola utilización privativa ou aproveitamento especial de espazos reservados nas vías públicas para aparcamento ou para entrada de automóbiles en inmobles, ou de non existir, certificación acreditativa de tal extremo, sobre o que indica que non obtivo resposta.

De acordo co informe e documentación remitida polo Concello, se ben non se ditou resolución expresa sobre a solicitude, se lle remitiu ao interesado un oficio da Tesouraría municipal, ao día seguinte ao da súa solicitude, no que se lle informa que na ordenanza non fiscal reguladora do tráfico no Concello de Muros, regúlanse nos artigos 50 a 58, a utilización privativa da vía pública, sendo aplicable dende a súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, do que se lle indica o número de boletín e a súa data de publicación. Así mesmo se lle indica que o acceso á ordenanza o pode realizar dende a sede electrónica do Concello ou dende a páxina web da Deputación da Coruña, nas que existe un listado co conxunto das normas reguladoras das distintas figuras tributarias e non tributarias do Concello.

De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, se a información solicitada xa fora publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder a ela. No presente caso, dado que non se ditou resolución expresa por parte do Concello, procede a estimación da reclamación presentada, debendo, polo órgano competente do Concello, ditar a dita resolución coa oferta dos recursos que contra a mesma procedan.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 20 de novembro de 2023, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Muros de acceso ao texto oficial da ordenanza municipal do Concello, referida ao prezo público pola utilización privativa ou aproveitamento especial de espazos reservados nas vías públicas para aparcamento ou para entrada de automóbiles en inmobles, ou de non existir, certificación acreditativa de tal extremo.

Segundo: Instar ao Concello de Muros a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Muros a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.